

**ADECUACIÓN DO NOIRO DO  
P.Q. 29+680-29+720 MD DA AUTOVÍA AG-11  
DE ACORDO AO AUTO DO XULGADO  
CONTENCIOSO / ADMINISTRATIVO  
Nº1 DE SANTIAGO**

**CLAVE: AC/03/036.01.1**

## 1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir as obras necesarias para a correcta adecuación do noiro existente na marxe dereita (MD) da Autovía do Barbanza entre o punto quilométrico (P.Q.) 29+680 e o 29+720, no concello de Pobra do Caramiñal (A Coruña); coa finalidade de dar cumprimento ao Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Santiago de Compostela, que obriga a evitar afeccións no noiro como consecuencia das augas de escorrenta das chuvias. Para isto, executarase unha gabia triangular partindo da cabeza do noiro de desmonte, que permita conducir as augas procedentes da parcela situada sobre o noiro, sen que se produza erosión sobre este.

## 2. Plan de Estradas

A estrada AG-11 é unha Autovía da Rede Estruturante de estradas da Xunta de Galicia.

## 3. Descrición da Actuación

O noiro actual ten 14 m de altura e está formado pola interposición de 2 muros de gravidade. O trazado da gabia proxectada, discorre de forma aproximada paralela a cabeza do noiro de desmonte, cunha pendente descendente que se axusta a pendente do terreo durante 34 m e a contra-pendente nos últimos 5 m. Ó final do treito da gabia execútase unha baixante prefabricada de formigón, a cal se situará aproximadamente a unha distancia de entre 50 cm e 1 m da baixante actualmente existente, e que recolle as augas procedentes do tubo de drenaxe, complementando deste xeito a mesma. Á saída da nova baixante execútase un pequeno encachado de pedra para evitar a erosión.

## 4. Características técnicas

**Drenaxe:** execútanse os seguintes elementos:

- Gabia triangular revestida de formigón de 10 cm de espesor, lonxitude de 39 m, 60 cm de ancho e 20 cm de profundidade, con noiros a ambos lados 3H:2V.
- O final do treito da gabia: baixante prefabricada de formigón tipo B-1, de 54x32x15 cm Ø110 cm (P.Q. 0+039).
- A saída da baixante: encachado de pedra cun espesor de 25 cm sobre unha soleira de formigón HM-20 de 20 cm de espesor.

## 5. Principais Unidades de Obra:

|                                                |                       |
|------------------------------------------------|-----------------------|
| - Despexe por medios manuais                   | 210,00 m <sup>2</sup> |
| - Escavación en zanja en terreo sen clasificar | 6,10 m <sup>3</sup>   |
| - Gabia triangular 60 cm, tal 3:2 h=20 cm      | 39 m                  |
| - Baixante tipo B-1 54x32x15 cm Ø 110 cm       | 14 m                  |
| - Encachado de pedra                           | 0,66 m <sup>3</sup>   |
| - Soleira de formigón HM-20                    | 0,53 m <sup>3</sup>   |

## 6. Poboación Servida.

Pobra do Caramiñal 9.227 hab. (I.G.E. 2023)

**TOTAL 9.227 hab.**

## 7. Concellos Afectados

Pobra do Caramiñal

## 8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 1 (554 m<sup>2</sup>) no concello de Pobra do Caramiñal.

Expropiacións de terreos 2.617,65 €

## 9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CUATRO (4) semanas.

## 10. Orzamentos

|                                                     |                   |
|-----------------------------------------------------|-------------------|
| <b>Orzamento Base de Licitación (c/IVE):</b>        | <b>4.468,17 €</b> |
| <b>Orzamento de Expropiacións e Indemnizacións</b>  | <b>2.617,65 €</b> |
| <b>Orzamento para coñecemento da administración</b> | <b>7.085,82 €</b> |

## 11. Orzamentos por Estrada e Concello

| <u>Concello</u>    | <u>Estrada</u> | <u>Orzamento (OCA)</u> |
|--------------------|----------------|------------------------|
| Pobra do Caramiñal | AG-11          | 7.085,82 €             |

